

PROGRAMA SANITARIO E DE BENESTAR ANIMAL

PARA O PLAN DE APROVEITAMENTO CON PORCO CELTA



| | | |
|-----------|---|-----------|
| 1. | EXPLORACIÓN INCLUIDAS NO PROGRAMA SANITARIO | 3 |
| 2. | PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL DA ENFERMIDADE DE AUJESZKY..... | 4 |
| 1.1. | OS CONTROIS SEROLÓXICOS..... | 5 |
| 1.2 | A VACINACIÓN | 8 |
| 3. | PROGRAMA DE VIXILANCIA FRONTE A OUTRAS ENFERMIDADES..... | 9 |
| 4. | MOVEMENTOS DOS ANIMAIS DAS EXPLORACIÓNS DE PORCO CELTA | 10 |
| 4.1. | MOVEMENTOS PARA REPRODUCCIÓN..... | 10 |
| 4.2. | MOVEMENTOS PARA PRODUCCIÓN..... | 10 |
| 4.2.1 | EXCEPCIÓNS AO SISTEMA TODO DENTRO-TODO FÓRA EN EXPLORACIÓN CON CLASIFICACIÓN ZOOTÉCNICA CEBADEIRO | 10 |
| 4.2.2 | EXCEPCIÓNS PARA NOVAS EXPLORACIÓN DE PRODUCCIÓN DE TIPO REDUCIDO | 10 |
| 4.3. | CONDICIÓNS PARA OS MOVEMENTOS EXCEPCIONAIS..... | 11 |
| 5. | PROGRAMA DE CONTROL DE PARASITOS..... | 12 |
| 6. | PROGRAMA LDDD..... | 14 |
| 6.1. | LIMPEZA E DESINFECCIÓN | 14 |
| 6.2. | DESINSECTACIÓN | 15 |
| 6.3. | DESRATIZACIÓN | 17 |
| 7. | BIOSEGURIDADE DA EXPLORACIÓN | 18 |
| 7.1. | UBICACIÓN E INSTALACIÓNS | 18 |

PROGRAMA SANITARIO E DE BENESTAR ANIMAL

| | | |
|------------|---|-----------|
| 7.2. | ALMACENAXE DE PENSOS E SUBMINISTRO DE AUGA DE BEBIDA | 19 |
| 7.3. | CONTROL DE USO DE MEDICAMENTOS | 20 |
| 7.4. | CONTROL DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS E BIOCIDAS..... | 20 |
| 7.5. | XESTIÓN DE RESIDUOS E CADÁVERES..... | 21 |
| 7.6. | XESTIÓN DE ESTERCOS E XURROS | 21 |
| 7.7. | HIXIENE E SEGURIDADE NO TRABALLO DO PERSOAL | 21 |
| 8. | PROGRAMA DE BENESTAR ANIMAL | 22 |
| 8.1. | PERSOAL, FORMACIÓN E INSPECCIÓN DOS ANIMAIS..... | 22 |
| 8.2. | LIBERDADE DE MOVEMENTOS | 23 |
| 8.3. | EDIFICIOS E EQUIPOS..... | 23 |
| 8.4. | ALIMENTACIÓN E AUGA DE BEBIDA | 24 |
| 8.5. | CONDICIÓN DE CRÍA | 25 |
| 8.6. | MUTILACIÓN | 28 |
| 8.7. | MANEXO DOS ANIMAIS..... | 29 |
| 9. | LEXISLACIÓN DE REFERENCIA..... | 30 |
| 10. | ANEXO. DOCUMENTACIÓN E REXISTROS DAS EXPLOTACIÓNS INCLÚIDAS NO PROGRAMA SANITARIO..... | 31 |

1. EXPLOTACIÓNS INCLUÍDAS NO PROGRAMA SANITARIO

O presente programa sanitario obriga a todas as explotacións que teñan animais inscritos no Libro Xenealóxico da raza Porco Celta.

As explotacións porcinas dedicadas á cría de Porco celta poden ser segundo a súa capacidade produtiva:

- Autoconsumo
- Reducidas
- Industriais

E dentro das reducidas e industriais poden estar dedicadas so á ceba ou á produción e reprodución, estas últimas normalmente son de tipo mixto, de xeito que poden mover unha parte dos leitóns producidos a outras granxas e manter outra parte na explotación para o seu cebado e posterior sacrificio.

En canto ó réxime de explotación, poden estar clasificadas como extensivas ou intensivas, segundo dispoñan ou non dunha base territorial mínima dunha hectárea.

Na práctica, todas as explotacións realizan a cría dos porcos ó aire libre a maior parte da vida dos animais, polo tanto este programa sanitario aplicará todas as medidas de vixilancia e prevención que permitan reducir ó máximo os riscos do potencial contacto dos porcos coa diversa fauna silvestre.

Aplicaranse as medidas de vixilancia activa e as medidas de prevención que se describen a continuación xunto coas correctas prácticas de bioseguridade que se desenrolan nos apartados correspondentes deste programa sanitario.

Estas explotacións disporán, a maiores do libro de rexistro de explotación porcina, do documento que se xunta no anexo final e que conterá o rexistro de visitas, rexistro do programa LDDD, libro de tratamentos, rexistro da recollida de cadáveres (albaráns) e rexistro das visitas veterinarias de ASOPORCEL (parte de visita).

Ademais arquivaranse, a fin de crear os rexistros correspondentes, os documentos onde conste:

- Natureza e orixe dos alimentos para os animais.
- Aparición de enfermidades que poidan afectar á seguridade dos produtos de orixe animal.
- Resultados de todas as análises efectuadas en mostras de animais e outras mostras tomadas con fins diagnósticos e que teñan importancia para a saúde humana.
- Resultados de todos os informes pertinentes sobre os controis efectuados a animais ou produtos de orixe animal, incluídos os informes por problemas na información da cadea alimentaria (ICA).
- Biocidas de uso gandeiro: produtos zosanitarios empregados con fins da hixiene veterinaria.
- Sementes modificadas xenéticamente.

Esta información poderá unificarse nun único libro ou rexistro que incorpore ademais os datos establecidos pola normativa zootécnica e que debe conter obrigatoriamente o libro de rexistro de explotación porcina.

2. PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL DA ENFERMIDADE DE AUJESZKY

A enfermidade de Aujeszky está sometida a un programa oficial de vixilancia, loita, control e erradicación, cuxas bases veñen establecidas no Real Decreto 360/2009, do 23 de marzo.

A cualificación sanitaria das explotacións porcinas realízase en base o seu status fronte a esta enfermidade:

- **Explotación A0:** aquela na que se descoñece a situación en canto á vacinación ou dos controis serolóxicos nos últimos doce meses, ou na que non se cumpre o programa de vacinación ou dos controis serolóxicos.

- **Explotación A1:** aquela na que se cumpre o programa de vacinación e os controis serolóxicos, con diagnóstico positivo fronte á glicoproteína gE do virus da enfermidade de Aujeszky no último control efectuado.
- **Explotación A2:** aquela na que se cumpre o programa de vacinación e os controis serolóxicos, con resultado negativo fronte á glicoproteína gE do virus da enfermidade de Aujeszky no último control efectuado, sen que se iniciasen aínda as actuacións precisas para a súa cualificación, ou sen que, téndoas iniciado, as finalizasen.
- **Explotación A3:** explotación indemne á enfermidade de Aujeszky. Non hai signos da enfermidade nos animais, realízanse os controis serolóxicos previstos na normativa segundo o tipo de explotación e execútase o programa vacinal aprobado.
- **Explotación A4:** explotación oficialmente indemne á enfermidade de Aujeszky. Non hai signos da enfermidade nos animais, realízanse os controis serolóxicos previstos na normativa segundo o tipo de explotación e non se vacina.

1.1. OS CONTROIS SEROLÓXICOS

Deberanse realizar os controis serolóxicos correspondentes segundo a clasificación zootécnica das explotacións. Estes controis obrigatorios poden ser realizados por unha ADSG, un veterinario libre ou a asociación. O titular de cada explotación deberá comunicar á asociación, durante o mes de xaneiro de cada ano, o persoal veterinario que designe para a realización destes controis na súa explotación.

As explotacións con animais dedicados á reprodución realizarán anualmente, polo menos, un control serolóxico dos reprodutores, con resultado negativo fronte á gE do virus da Enfermidade de Aujeszky, nun número de animais que garanta, cun nivel de confianza do 95%, detectar a presenza da enfermidade se a súa taxa de prevalenza é, como mínimo, do 5%. Segundo as táboas que se mostran na páxina 7.

As explotacións dedicadas á ceba dos animais realizarán polo menos un control ao ano fronte a esta enfermidade, cun tamaño de mostra que permita detectar a presenza da enfermidade cunha prevalenza mínima esperada do 10 por cento e un grado de confianza do 95 por cento, segundo as táboas que se mostran a continuación.

Os animais que incorporen estas granxas procederán sempre de explotacións cualificadas A3 ou A4 e que houberan realizado os controis periódicos descritos, con resultados satisfactorios. Ningunha explotación sometida ó programa sanitario de ASOPORCEL poderá incorporar animais dunha explotación non incluída neste programa.

Todas as explotacións de nova incorporación ó programa sanitario de ASOPORCEL solicitarán a cualificación A3 unha vez se teñan realizados dous controis serolóxicos cun intervalo mínimo de catro meses, e resulten diagnósticos negativos en ambos.

Exceptúanse da obriga de realizar chequeos serolóxicos periódicos ás explotacións de autoconsumo, posto que os animais procederán sempre dunha explotación sometida a este programa sanitario, nas que se cumprirá os controis serolóxicos mínimos e as pautas vacinais.

Táboas da mostra requirida para detectar a presenza de enfermidade nunha explotación

Cálculo do tamaño de mostra necesario para detectar a prevalenza do 2%, cun grao de confianza do 95%

| Censo total | Censo a controlar |
|--------------------|---------------------------|
| 1-50 | Todos ata un máximo de 48 |
| 51-70 | 62 |
| 71-100 | 78 |
| 101-200 | 105 |
| 201-1200 | 138 |
| >1200 | 145 |

Cálculo do tamaño de mostra necesario para detectar a prevalenza do 5%, cun grao de confianza do 95%

| Censo total | Censo a controlar |
|--------------------|--------------------------|
| 1-25 | Todos |
| 26-30 | 26 |
| 31-40 | 31 |
| 41-50 | 35 |
| 51-70 | 40 |
| 71-100 | 45 |
| 101-200 | 51 |
| 201-1200 | 57 |
| >1200 | 59 |

Cálculo do tamaño de mostra necesario para detectar a prevalenza do 10%, cun grao de confianza do 95%

| Censo total | Censo que debe controlarse |
|--------------------|-----------------------------------|
| 1-15 | Todos |
| 16-20 | 16 |
| 21-40 | 21 |
| 41-100 | 25 |
| 101-250 | 27 |
| 251-1.000 | 28 |
| + de 1.000 | 29 |

1.2 A VACINACIÓN

Debido ás condicións de cría no exterior do gando porcino da raza Porco Celta a máxima cualificación das explotacións será A3, polo que **todas estarán obrigadas a cumprir o programa vacinal fronte a enfermidade de Aujeszky, tanto no cebo como nos reprodutores**, sen acollerse ás posibles excepcións de vacinación en cebo ou explotacións reducidas que puideran existir.

A vacinación farase con vacinas autorizadas pola Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios. Será VACINA MARCADA gE NEGATIVA, viva atenuada.

O encargado da aplicación da vacina será o propio veterinario/a responsable do programa sanitario da explotación ou ben o gandeiro/a responsable dos animais, previa prescrición veterinaria da vacina.

A vacinación e revacunación dos animais realizarase segundo o seguinte cadro:

| | |
|-----------------------------|---|
| REPRODUTORES ADULTOS | <ul style="list-style-type: none">• Vacinación 3 veces ao ano, simultaneamente e a intervalos regulares de catro meses. |
| FUTUROS REPRODUTORES | <ul style="list-style-type: none">• Deberán ter sido vacunados polo menos 3 veces antes de entrar no ciclo reproductivo, administrándose a terceira dose nas 21-24 semanas de vida. |
| LEITÓNS CEBÓNS | <ul style="list-style-type: none">• Vacinación polo menos 2 veces durante o período de crecemento ao engorde:<ul style="list-style-type: none">○ 1ª Vacinación: entre 10 e 12 semanas de vida.○ 2ª Vacinación: de 3 a 4 semanas despois.• Os animais de máis de 6 meses de idade serán vacunados cunha terceira dose ao cumprir esa idade, e serán revacunados cada 4 meses ata a súa saída da explotación. |

Todas as vacinacións realizadas quedarán anotadas no **Libro de Rexistro de Tratamentos** da explotación cos contidos obrigatorios, indicándose a maiores o nome comercial da vacina e o lote.

PAUTAS PARA A APLICACIÓN DA VACINA:

Vacinar só animais sans, usar material estéril para a administración e gardar a vacina entre 2 e 8 °C ao abrigo da luz (non conxelar).

Reconstituír a vacina inxectando cunha xiringa conectada a unha agulla uns 5 ml de disolvente no frasco que contén o liofilizado, resuspender e aspirar.

Reintroducir a suspensión no frasco que contén o resto do disolvente, mesturar ben axitando suavemente, asegurando unha completa reconstitución do liofilizado, e inocular.

Inxección intramuscular (músculos do pescozo) da dose correspondente por animal.

Administrar a vacina nun prazo máximo de 1 hora tras ser reconstituída.

3. PROGRAMA DE VIXILANCIA FRONTE A OUTRAS ENFERMIDADES

Debido ás condicións de cría no exterior do gando porcino da raza Porco Celta e, por conseguinte, ó risco de contacto con diferentes especies de fauna silvestre que poden actuar de reservorios ou transmisores de diversas enfermidades e como medida de vixilancia faranse chequeos serolóxicos para determinar a presenza das enfermidades:

- PESTE PORCINA AFRICANA
- PESTE PORCINA CLÁSICA
- BRUCELOSE

Estes chequeos realizaranse sobre todas as mostras remitidas ó laboratorio de cada unha das explotacións no momento da realización do control periódico anual da enfermidade de Aujeszky.

4. MOVEMENTOS DOS ANIMAIS DAS EXPLOTACIÓNS DE PORCO CELTA

Entre as explotacións colaboradoras de ASOPORCEL autorizaranse os movementos de animais seguintes sempre que se cumpran os condicións que se establecen lo epígrafe 4.3.

4.1. MOVEMENTOS PARA REPRODUCCIÓN

Movementos de animais entre explotacións, independentemente da clasificación zootécnica das mesmas, sempre que o destino sexa o reprodutivo e a finalidade o fomento da raza:

A raza Porco Celta atópase en perigo de extinción polo que resulta esencial para manter a variabilidade xenética e evitar a consanguinidade realizar movementos entre explotacións colaboradoras de ASOPORCEL de animais destinados á reprodución.

4.2. MOVEMENTOS PARA PRODUCCIÓN

4.2.1 EXCEPCIÓNS AO SISTEMA TODO DENTRO-TODO FÓRA EN EXPLOTACIÓNS CON CLASIFICACIÓN ZOOTÉCNICA CEBADEIRO

Máis do 95% das explotacións de cría de Porco celta son de tipo reducido. De xeito que cando as poucas explotacións desta raza, clasificadas zootécnicamente como cebadeiros, independentemente da súa capacidade, precisan incorporar leitóns para continuar o súa produción teñen que abastecerse dos leitóns procedentes das granxas reducidas de produción mixta existentes. Motivo polo cal non é posible completar o censo do cebadeiro con lotes de animais homoxéneos en períodos moi curtos e tempo. **Permitirase a introdución de animais durante un período dun mes dende o inicio do enchido do cebadeiro nos casos de cebadeiros non industriais.**

4.2.2 EXCEPCIÓNS PARA NOVAS EXPLOTACIÓNS DE PRODUCCIÓN DE TIPO REDUCIDO

Dado o reducido dos censos de animais e explotacións dedicadas á cría desta raza, iniciar a actividade dunha explotación nova de produción mixta ás veces implica ter que incorporar animais

como futuros reprodutores que tardan varios meses en ser sexualmente activos (as porcas cóbrense por primeira vez cun ano de idade aproximadamente), polo que resulta necesario facer unha incorporación inicial tamén de leitóns procedentes doutras explotacións para iniciar o ciclo de cebado e acurtar os tempos de obtención de rendementos. **Polo tanto, excepcionalmente e só no suposto do inicio dunha nova actividade de produción, permitirase durante un prazo non superior a 1 mes, a incorporación e coincidencia de leitóns con destino a reprodución e leitóns con destino a cebado, sempre que non superen o límite de UGM permitidas. Unha vez finalizado este período de incorporación inicial, só se poderán introducir na explotación animais destinados á reprodución.**

4.3. CONDICIÓN S PARA OS MOVEMENTOS EXCEPCIONAIS

Para poder realizar os movementos excepcionais descritos nos puntos 4.1 e 4.2 será necesario cumprir algunha destas premisas:

- Dentro dos 30 días previos ao movemento, someterase á totalidade da partida a un control serolóxico da Enfermidade de Aujeszky, permitíndose o mesmo só tras o resultado negativo fronte á gE do virus na totalidade dos animais da partida.
- Na explotación de orixe nos últimos 4 meses realizouse o control serolóxico con resultado negativo dentro dos controis anuais obrigados derivados do RD 360/2009, sobre a enfermidade de Aujeszky, e desde a data do chequeo non se teñan incorporado a dita explotación de orixe novos animais, agás aqueles que foran previamente negativos seroloxicamente a Aujeszky como máximo 30 días antes da súa incorporación, ou que proveñan de explotacións con controis cuatrimestrais negativos.

No caso específico dos movementos para reprodución descritos no punto 4.1, os controis serolóxicos preceptivos para realizar estes movementos incluírán tamén, en todos os casos, resultados negativos para a PPA, PPC e Brucelose.

Estes movementos excepcionais só se poderán realizar entre explotacións colaboradoras no Programa de Conservación da Raza Porco Celta.

En todos os casos, e obrigatoriamente, os animais serán sometidos a unha corentena na explotación de destino (período mínimo de tres semanas), antes de ter contacto co resto do censo de animais desa explotación, coa fin de minimizar a entrada de patóxenos na explotación.

Todo movemento excepcional acompañarase da Guía de orixe e sanidade pecuaria expedida polos SSVVOO, aínda que se trata de movementos dentro da área sanitaria veterinaria. O titular deberá para elo presentar na OAC o Libro de Rexistro de Explotación correctamente cuberto.

5. PROGRAMA DE CONTROL DE PARASITOS

Os factores ambientais condicionan a presenza de distintas especies de parasitos. Do mesmo xeito que a malnutrición e os estados precarios de saúde predispoñen aos animais á aparición de certas parasitoses.

As enfermidades parasitarias non só teñen importancia económica por repercutir nas producións e nos rendementos, senón que supoñen un risco sanitario pola aparición de zoonoses.

É importante recordar que no caso da raza Porco Celta os animais son criados ó aire libre polo que a probabilidade de infestación parasitaria é maior que nos casos de produción estabulada, polo que resulta imprescindible establecer un programa de control de parasitos.

O desparasitado realizarase preferiblemente por vía parenteral con antiparasitarios de amplo espectro e activos fronte a parasitos internos e externos (como por exemplo Ivermectina ou Doramectina) segundo a seguinte pauta:

- Desparasitado das porcas ao destete e dos seus leitóns correspondentes.
- Desparasitado en saba dos sementais e dos animais en fase de cebado cada 6 meses aproximadamente.

Tamén se poden realizar as desparasitacións por vía oral mediante mesturas medicamentosas para pensos ou auga de bebida, aínda que se considera unha forma menos efectiva pola imposibilidade de controlar a dose ingerida por cada animal, sobre todo cando se manteñen en réxime extensivo.

Pódese reforzar o tratamento de parasitación externa dos animais co uso de insecticidas se fora preciso. Para a aplicación dos cales se seguirán as indicacións do fabricante en canto a dose e repetición de cada produto.

En calquera caso sempre se disporá da correspondente prescrición veterinaria para os diferentes fármacos antiparasitarios e respectaranse os tempos de espera que se estipulan para cada un deles.

Observaranse, ademais, unha serie de prácticas no manexo do pastoreo cos animais que contribúen a reducir os problemas parasitarios:

- Separar os animais por idade (separar adultos dos máis novos).
- Evitar deficiencias alimentarias.
- Separar distintas especies (nos casos de explotacións nas que existan): PASTOREO SECUENCIAL, que evita que o parasito ataque ao novo hospedador.
- Pastoreo rotacional.
- Alternancia de cultivos.

Actuacións de sensibilización en relación á triquinose -----

Coma no resto de parasitoses, a probabilidade de infestación por triquina en animais criados ao aire libre é moito maior que nos casos de produción establecida. Dada a súa importancia na saúde pública o persoal veterinario de ASOPORCEL realizará as seguintes actuacións:

- Información e sensibilización da persoa titular da explotación das características da enfermidade e o risco zoonótico que representa.

- Sensibilización sobre o maior risco de infestación que supoñen as explotacións de cría ao aire libre, así como información sobre as precaucións a ter en conta nas explotacións que minimicen os riscos de parasitado (contacto con fauna silvestre, limpeza das fincas, almacenamento de pensos...), e en concreto, dar pautas para realizar un control exhaustivo de roedores e levar a supervisión do mesmo.

6. PROGRAMA LDDD

6.1. LIMPEZA E DESINFECCIÓN

É importante instaurar unha rutina de limpeza e desinfección coa finalidade de destruír os xermes patóxenos naqueles ambientes que poden xerar un determinado risco.

No caso das explotacións de Porco Celta esta rutina aplicarase nas instalacións permanentes das que dispoña a granxa (refuxios dos animais, habitáculos utilizados como sala de partos...).

Nas instalacións destinadas ás fases de parto e lactación realizarase a limpeza e desinfección tras a saída da porca e os seus leitóns, unha vez realizada a desteta, e antes de albergar outro parto.

O resto de instalacións da granxa (refuxio, lazareto...) limpanse e desinfectaranse tras a saída de cada lote de animais e antes de introducir o seguinte lote.

Para realizar unha boa rutina de limpeza e desinfección eliminarase en primeiro lugar a materia orgánica máis groseira (materia fecal, camas...), a continuación farase o lavado con auga e deterxente. Utilizarase para esta tarefa auga limpa e, sempre que sexa posible, auga quente. Iniciarase a limpeza polos teitos, seguido de paredes e solos. Deixarase actuar o deterxente o tempo que indique o fabricante, aclararase con auga e deixarase secar para aplicar finalmente un desinfectante.

Admítese a utilización de cal viva como método desinfectante. Aplicarase unha vez feita a limpeza previa e sobre as superficies húmidas e realizarase o apagado da cal con rociado auga.

Tamén é posible utilizar deterxentes-desinfectantes que existen xa no mercado para aplicar nun só paso.

O gandeiro/a poderá seleccionar o/s desinfectante/s que mellor se adecúe/n ás súas necesidades e rexistrará todas as accións de desinfección que realice nas instalacións da explotación.

| | |
|--|----------------------------------|
| TIPOS DE PRODUCTOS DESINFECTANTES | LIXIVIA |
| | COMPOSTOS IODADOS |
| | ÁCIDOS |
| | BÁSICOS (SOSA CAÚSTICA) |
| | FORMALDEHIDO |
| | AMONIO CUATERNARIO |
| | FENOL |
| | COMPOSTOS DE MONOPERSULFATO |
| | COMPOSTOS OSIXENADOS (PERÓXIDOS) |

Tanto no uso de deterxentes como de desinfectantes observaranse sempre as instrucións de uso do fabricante e respectaranse as doses, dilucións e tempos de actuación.

6.2. DESINSECTACIÓN

A desinsectación consiste no conxunto de técnicas e métodos dirixidos a previr e controlar a presenza de certas especies de artrópodos (insectos, arácnidos e crustáceos) nocivos nas explotacións gandeiras. A súa gran resistencia fronte a factores agresivos do medio, as pequenas necesidades alimenticias e o enorme potencial reprodutor fan imprescindible o seu control, pois existen especies involucradas na transmisión de enfermidades, vectores mecánicos ou biolóxicos de organismos patóxenos, responsables de cadros tóxicos, fenómenos alérxicos ou responsables da contaminación dos alimentos e deterioro de utensilios.

O control de artrópodos comprende unha ampla gama de técnicas e métodos de actuación que moitas veces se empregan complementariamente co obxecto de conseguir maior eficacia cos mínimos efectos adversos:

- Medidas hixiénicas: limpeza das cortes e eliminación periódica de estercos e xurros.
- Métodos sinxelos de baixo impacto residual no medio e na saúde: TEAS MOSQUITEIRAS, CINTAS ADHESIVAS.
- Insecticidas como medida complementaria: polo perigo de aparición de resistencias aconséllase alternar distintos produtos (ORGANOFOSFORADOS, CARBAMATOS, PIRETROIDES, BENZOILFENILUREICOS).
- Cebos medicados con CARBAMATOS, ORGANOFOSFORADOS/PIRETROIDES, por rexas, ventás, paredes, pero afastados dos animais (protexer bebedeiros e comedeiros).
- Para as larvas tratar canais de xurros e camas con ORGANOFOSFORADOS e BENZOILFENILUREA.
- Aplicación de insecticidas en fumigación ou rociados.
- Alimentos envelenados para adultos e larvas.

Para evitar, superar ou retrasar a aparición de resistencias aconséllase:

- Uso de insecticidas como complemento das medidas hixiénicas.
- Alternancia de produtos con principios activos distintos.
- Aplicacións de curta duración con preparados que non teñan efecto residual prolongado.
- Emprego de larvicidas.

O gandeiro/a poderá seleccionar o/s produto/s que mellor se adecúe/n ás súas necesidades, e deberá seguir as indicacións de aplicación da presentación comercial, sen esquecer o período de supresión que teñen estas sustancias de cara ao sacrificio e rexistrará tódalas accións de desinsectación que leve a cabo nas instalacións da explotación.

6.3. DESRATIZACIÓN

A desratización ten por obxecto a eliminación de roedores dun determinado ambiente por medio dunha serie de procedementos e técnicas diferentes. Moitas veces, para conseguir éxito no control de roedores, é recomendable combinar diferentes sistemas segundo as características do problema.

A desratización PASIVA diríxese ao control do medio ambiente, con diferentes procedementos para impedir que as ratas penetren, vivan e se reproduzan nun determinado espazo (selado de aberturas, non permitir acceso ó almacenaxe de alimento...). Ten un significado eminentemente preventivo e, se fóra necesario, complementarase cos tratamentos químicos ou doutra natureza. Modificaranse as condicións ambientais que os roedores necesitan para desenvolver as actividades básicas que propician a súa expansión, impedindo o acceso a todos aqueles elementos que necesitan para sobrevivir.

A desratización ACTIVA integra procedementos ofensivos (físicos, químicos e biolóxicos) para atacar e destruír as ratas e ratos alí onde se atopen. Entre os produtos rodenticidas están os CUMARÍNICOS (bromadiolona, warfarina) e os INDANDIÓNICOS (difacinona, entre outros).

O gandeiro/a será o responsable da desratización periódica da explotación, ben por medio de produtos autorizados a tal efecto polo Rexistro Oficial de Plaguicidas, ben por empresas, entidades ou persoal técnico especializado nesta materia.

Para a súa correcta aplicación seguiranse as indicacións do fabricante, e tomaranse as debidas precaucións, tanto na súa manipulación como para evitar a inxestión accidental polos animais da explotación. Do mesmo xeito, será fundamental a retirada dos cadáveres dos roedores para evitar que sexan inxeridos polos porcos.

Aconséllase desenvolver unha rutina preventiva e de control, atendendo ás particulares características destas explotacións esencialmente ao aire libre. Levarase rexistro de tódalas actuacións de desratización que se realicen nas instalacións da explotación.

Dada a importancia zoonótica da triquinose, e segundo o indicado no punto 5 do programa, o persoal veterinario de ASOPORCEL dará as pautas para realizar un control exhaustivo de roedores

nas explotacións, encamiñado á prevención da triquinose, e realizará actuacións de supervisión do mesmo.

7. BIOSEGURIDADE DA EXPLOTACIÓN

Observaranse nas explotacións medidas de profilaxe comúns para a prevención de calquera patoloxía:

- Comprobación da orixe e do estado sanitario de animais novos (CORENTENA).
- Separación de porcos por idades e fases de produción.
- Limitación do tránsito de persoas de fóra da granxa.
- Medidas de bioseguridade básicas.

Co fin de reducir o risco de difusión de enfermidades infecto-contaxiosas as explotacións respectarán as premisas de bioseguridade desenvoltas nos epígrafes seguintes.

7.1. UBICACIÓN E INSTALACIÓNS

Co fin de evitar ou minimizar a propagación de enfermidades infecciosas e parasitarias e de preservar o seu estado sanitario, as explotacións porcinas extensivas de tipo industrial, desde as súas instalacións permanentes dedicadas ao albergue de animais ata as instalacións permanentes máis próximas que alberguen animais doutras explotacións porcinas, gardarán a distancia mínima de seguranza establecida no anexo V do Real Decreto 306/2020, de 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo. As explotacións de tipo autoconsumo e reducidas non teñen establecidas distancias na normativa actual.

A superficie da explotación porcina estará pechada perimetralmente cun cercado completo e ben conservado que impida o tránsito incontrolado de animais e vehículos, en especial impedirá o acceso e posible contacto coa fauna silvestre.

Disporase de instalacións permanentes (fixas ou móbiles) para o illamento e secuestro de tódolos animais da explotación, onde poder illar animais enfermos ou facer corentenas preventivas.

Manterase un correcto programa de limpeza, desinfección, desinsectación e desratización en edificacións e equipos, segundo o exposto no epígrafe correspondente.

Evitarase a entrada de vehículos alleos. E as operacións de abastecemento de pensos, de carga e descarga de animais, e de retirada de esterco, xurros e animais mortos, deberanse realizar desde fóra da explotación sempre que sexa posible a través dun peirao de carga externo. En todo caso poderase admitir a entrada de vehículos cando as instalacións permanentes se encontren dentro dun segundo recinto valado.

Todas as entradas asignadas para a recepción de vehículos de transporte de animais ou de calquera outro tipo contarán con algún sistema eficaz para a desinfección das rodas e do resto do vehículo (vado sanitario, mochila desinfectante...). Así mesmo, dispoñerán dun sistema apropiado para a desinfección do calzado dos operarios e visitantes (pediluvio, mochila desinfectante...).

Nas explotacións, os utensilios de limpeza e manexo serán de uso exclusivo de cada explotación.

Reducirase ó mínimo posible a entrada de persoas alleas á explotación. Levarase un rexistro de visitas no que se anoten todas as que se produzan á área das instalacións permanentes.

7.2. ALMACENAXE DE PENSOS E SUBMINISTRO DE AUGA DE BEBIDA

É importante prestar especial atención á forma de almacenaxe dos alimentos destinados ós animais, que se fará en lugares limpos, pechados, libres de pragas e protexidos de altas temperaturas e/ou humidade. Non se deben almacenar directamente sobre o chan, polo que se recomenda manter os sacos nos "pallets". Nunca se almacenarán preto de produtos tóxicos como desinfectantes ou fertilizantes, que poidan supoñer un risco de contaminación cruzada. E no caso de facer a almacenaxe en silos específicos débese comprobar que non existan gretas nin zonas ferruxentas.

O sistema de subministro de auga de bebida deberá garantir un risco mínimo de contaminación da auga. E en caso de que a auga non proceda da rede pública será necesario controlar a súa calidade cunha análise mínima anual. No caso de explotacións industriais a frecuencia destas análises será de dúas veces ao ano.

7.3. CONTROL DE USO DE MEDICAMENTOS

O titular da explotación ten a obriga de cumprir a normativa vixente relativa ó uso de medicamentos.

Habilitarase un espazo específico para almacenar os medicamentos, convenientemente sinalizado e que permita respectar os requirimentos indicados nos prospectos ou nas receitas. Respectarase as datas de caducidade.

Os medicamentos sobrantes, os caducados ou os seus envases, son residuos co código LER 18 02 (residuos da investigación, diagnóstico, tratamento ou prevención de enfermidades de animais) e serán retirados polos xestores correspondentes.

7.4. CONTROL DE PRODUTOS FITOSANITARIOS E BIOCIDAS

Os produtos fitosanitarios empregaranse na súa xusta medida e sempre en base á produción dunha agricultura sostible e respectuosa co medio ambiente, intentando minimizar o emprego de produtos contaminantes.

Os produtos fitosanitarios e biocidas, almacenaranse nun lugar específico, separado, lonxe da acción do sol, ben ventilado, seco, correctamente iluminado e identificado.

Prestarase especial atención cando os produtos se apliquen en zonas próximas a cursos de auga, pozos, charcas, etc.

7.5. XESTIÓN DE RESIDUOS E CADÁVERES

Os envases baleiros, os medicamentos, os produtos químicos caducados, e demais restos orgánicos cualificados como perigosos elimínanse segundo os sistemas oficiais de recollida. Non se abandonarán sacos, bolsas de plástico nin calquera outro tipo de material perigoso na contorna ambiental e, ademais, non se reutilizarán estes envases para outros usos non autorizados.

Cando un animal morra na explotación separarase nunha zona illada da explotación á que non teñan acceso os outros animais e que sexa de fácil limpeza tras a retirada dos cadáveres. A retirada de animais mortos na explotación e o traslado e tratamento dos cadáveres farase a través dun xestor autorizado para a retirada de cadáveres da explotación en cumprimento da lexislación vixente establecida. Levarase rexistro de todos os albaráns de recollida de cadáveres.

7.6. XESTIÓN DE ESTERCOS E XURROS

Os esterco e xurros producidos polos animais cando se encontren recluídos nas instalacións permanentes da explotación almacénanse en estercoleiros e fosas con estanquidade suficiente para impedir perdas por lixiviación de líquidos e, evitar deste xeito, a contaminación de augas superficiais e subterráneas.

Os esterco e xurros acumulados, unha vez chegado o momento (segundo a fase e tipo de cultivo), transportaranse e distribuiranse nas praderías, pastos e cultivos para o súa fertilización, atendendo ás recomendacións recollidas no Código Galego de Boas Prácticas Agrarias.

7.7. HIXIENE E SEGURIDADE NO TRABALLO DO PERSOAL

As persoas en contacto cos animais estarán en correcto estado de saúde, non padecerán enfermidades contaxiosas, e respectarán as normas de manexo e hixiénico-sanitarias establecidas na explotación. A entrada de persoal alleo á explotación estará controlada e, en todo caso, será respectuosa coas normas establecidas e levará o equipamento adecuado.

O vestiario do persoal serán de uso exclusivo de cada explotación.

Os traballadores da explotación actuarán baixo normas de prevención de riscos laborais durante a estancia nas instalacións e nas operacións con máquinas, equipos, útiles e ferramentas para previr riscos persoais e xerais. Prestarase especial precaución no manexo de animais que potencialmente poidan ser agresivos ou perigosos.

8. PROGRAMA DE BENESTAR ANIMAL

En todo momento o responsable da explotación deberá asegurarse de que se adoptan as medidas adecuadas para asegurar o benestar dos animais con vistas a garantir que estes no padezan dores, sufrimentos nin danos inútiles.

Con este fin, e tendo en conta as necesidades etolóxicas e fisiolóxicas dos porcos en función da etapa produtiva, atenderase as especificacións que se relatan a continuación, conforme ó Real Decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos.

8.1. PERSOAL, FORMACIÓN E INSPECCIÓN DOS ANIMAIS

Os animais serán atendidos por un número suficiente de persoas que posúan os coñecementos necesarios. Para asegurar a axeitada formación aos empregados o responsable da explotación entregará copia do presente programa sanitario e de manexo e benestar dos animais.

As inspeccións serán as suficientes para garantir o benestar dos animais de modo que se lles evite calquera sufrimento. Aínda que a cría se realiza no exterior e é posible subministrar a alimentación mediante sistemas automatizados, é conveniente realizar unha inspección ocular dos animais a lo menos unha vez ó día.

Os animais enfermos ou feridos illaranse en lugares adecuados e recibirán inmediatamente o tratamento debido.

8.2. LIBERDADE DE MOVEMENTOS

Ao estar nun sistema de cría ó aire libre non se limitará a liberdade de movementos propios dos animais. En ningún caso se recorrerá ao uso de ataduras ou cadeas.

As instalacións permanentes deseñaranse de maneira que os animais conten con un área de repouso comfortable dende o punto de vista físico e térmico, axeitadamente drenada e limpa.

Tódolos animais deberán poder descansar e levantarse normalmente e as instalacións permitiran que se deiten ao mesmo tempo e que vexan outros porcos, agás na semana anterior ao momento previsto do parto e durante o mesmo, períodos nos que as porcas e porcas novas poderán manterse fora da vista dos animais de súa mesma especie.

Facilitaráselles ós animais acceso permanente a unha cantidade suficiente de materiais que permitan unhas adecuadas actividades de investigación e manipulación (palla, feo, madeira, serraduras....) cando se encontren confinados nas instalacións permanentes.

8.3. EDIFICIOS E EQUIPOS

Os aloxamentos disporán de dimensións e de materiais de construción adecuados, carecendo de bordes afiados ou saíntes. Os chans non serán esvaradíos, non presentarán asperezas e adecuaranse ao tamaño e peso dos porcos e, si non se equipan con camas de palla, formarán unha superficie ríxida, plana e estable.

No caso de que os animais estean confinados no interior das instalacións permanentes a circulación do aire, o nivel de po, a temperatura, a humidade relativa do aire e a concentración de gases manteranse dentro dos límites que non son prexudiciais para os animais e proporcionarase luz natural suficiente para as necesidades fisiolóxicas e etolóxicas, complementada con luz artificial adecuada para garantir unha exposición dunha intensidade mínima de 40 lux durante un período mínimo de oito horas ó día.

Nas parcelas onde se manteñan os porcos ubicaranse refuxios para que poidan protexerse das

inclemencias do tempo. Por outra banda existirá un peche perimetral que impida a entrada de depredadores.

Os refuxios para o cebo ou as parideiras tipo camping fabricaranse con materiais que ademais de ter propiedades de illante térmico, resistan á intemperie, á luz solar e o uso dos animais. Situaranse de modo que queden libres de correntes de aire, en zonas que non sexan inundables e, sobre todo no verán, é aconsellable situalos nunha zona de sombra.

8.4. ALIMENTACIÓN E AUGA DE BEBIDA

Os equipos para a subministración de alimentos e auga estarán concibidos, construídos e situados de maneira que reduzan os riscos de contaminación de alimentos. Contarase con comedeiros e bebedeiros suficientes para evitar as pugnas entre animais.

A alimentación dos porcos criados en liberdade caracterízase polo aproveitamento directo dos recursos agroforestais durante todo o ano, mediante pastoreo das parcelas e montes, e será suplementada con pensos adecuados para garantir que quedan cubertas ás súas necesidades de nutrición segundo a etapa de crecemento e o estado fisiolóxico.

Os verróns, as femias reprodutoras e os leitóns ata a desteta, poderanse manter en instalacións axeitadas, suxeitos a alimentación programada con pensos durante a fase de cría. Non obstante, deberase garantir o libre acceso ao campo e aos recursos naturais da explotación dos reprodutores, segundo proceda de acordo co seu estado fisiolóxico.

Tódolos porcos de máis de dúas semanas de idade terán acceso permanente a unha cantidade suficiente de auga fresca.

Non se administrará aos animais sustancias distintas dos alimentos que non sexan as administradas con fins terapéuticos ou profilácticos.

8.5. CONDICIÓN DE CRÍA

Os sistemas de produción en extensivo caracterízanse pola cría dos animais en condicións de liberdade o que repercute moi positivamente no benestar dos animais, sen embargo terase en conta o límite máximo de carga gandeira permitida nas parcelas: 2,4 UGM/Ha, segundo a seguinte táboa de equivalencias:

| | |
|-----------------|-----------------------------|
| 0.30 UGM | PORCA CON LEITÓNS ATA 23 KG |
| 0.14 UGM | PORCA DE REPOSICIÓN |
| 0.10 UGM | PORCO DE 20 A 50 KG |
| 0.16 UGM | PORCO DE MÁIS DE 50 KG |
| 0.30 UGM | VERRÓN |
| 1 UGM | PORCA EN CICLO PECHADO |

En todo caso cando os animais son reclusos en instalacións permanentes deberase garantir unha superficie mínima de acordo coas seguintes táboas (RD 1135/2002):

Porcas mantidas en grupo despois da cubrición:

| PORCAS | Multíparas m2 / animal | Primeirizas m2 / animal | Lados do recinto |
|---------------------------|-----------------------------------|------------------------------------|-------------------------|
| Grupo < 6 porcas | 2.48 | 1.80 | > 2.4 m. Lineais |
| Grupo entre 6 y 40 porcas | 2.25 | 1.64 | > 2.8 |
| Grupo > 40 porcas | 2.03 | 1.48 | > 2.8 |
| Chan continuo compacto | 1.3 | 0.95 | |

Leitóns destetados e porcos de produción criados en grupo:

| CATEGORÍA | Superficie m2 / animal |
|------------------|-------------------------------|
| Ata 10 kg. | 0.15 |
| 10 kg. - 20 kg. | 0.2 |
| 20 kg. - 30 kg. | 0.3 |
| 30 kg. - 50 kg. | 0.4 |
| 50 kg. - 85 kg. | 0.55 |
| 85 kg. - 110 kg. | 0.65 |
| Máis de 110 kg. | 1.00 |

Tipo de chan no que os porcos deben vivir :

| Categoría | Máxima anchura de rañura | Mínima anchura de costela |
|--------------------|---------------------------------|----------------------------------|
| Leitóns | 11 mm. | 50 mm. |
| Leitóns destetados | 14 mm. | 50 mm. |
| Porcos produción | 18 mm. | 80 mm. |
| Porcas | 20 mm. | 80 mm. |

** Para porcas 1,3 m² e nulíparas 0.95 m², deberá ser de chan continuo compacto, do que o 15 % como máximo se reservará as aberturas de drenaxe.*

OS VERRÓNS, en caso de permanecer estabulados:

- As celas de verróns estarán situadas e construídas de forma que os verróns poidan da-la volta, oír, ulir e ve-los demais porcos. A zona de chan libre de obstáculos á disposición dun verrón adulto deberá ser, como mínimo, de 6 metros cadrados.
- Cando os recintos tamén se utilicen para a cubrición, a zona de chan á disposición dun verrón adulto deberá ser, como mínimo, de 10 metros cadrados e o recinto deberá estar libre de calquera obstáculo.

AS PORCAS,

- Seguirase un programa de desparasitado. En caso de acomodalas en parideiras, as porcas xestantes e as porcas novas deberán estar limpas.
- Na semana anterior ó momento previsto do parto, as porcas e as porcas novas deberán dispor de material adecuado para face-lo cocho en cantidade suficiente a menos que sexa tecnicamente inviable con respecto ó sistema de esterco líquido utilizado no establecemento.
- Detrás das porcas ou das porcas novas deberá acondicionarse un espazo libre para permitir un parto de forma natural ou asistida.
- As celas de parto nas que as porcas poidan moverse libremente deberán contar con dispositivos de protección dos leitóns, como barrotes.

OS LEITÓNS,

- Unha parte da superficie total do chan, suficiente para permitir que tódolos animais estean tombados ó mesmo tempo, deberá ser sólida ou estar revestida, ou estar cuberta cunha capa de palla ou calquera outro material adecuado.
- Cando se utilice unha parideira, os leitóns deberán dispor de espazo suficiente para poder ser aleitados sen dificultade.
- Os leitóns non deberán ser destetados antes de ter vinte oito días de idade, a non ser que o feito de non destetalos sexa prexudicial para o benestar ou a saúde da nai ou dos leitóns. De xeito habitual os destetes produciranse entre a sexta ou oitava semana de vida.

OS PORCOS EN TRANSICIÓN E CEBO,

- Os porcos deben manterse en grupos coa mínima mestura posible. Se teñen que mesturarse porcos non familiarizados entre si, a mestura debe facerse á idade máis temperá posible, preferiblemente antes da desteta ou, como moito, unha semana despois.
- Cando os porcos se críen en grupos, adoptaranse medidas para previr pelexas que excedan do seu comportamento normal.
- Cando se mesturen os porcos, ofreceránselle as oportunidades adecuadas de escapar e ocultarse doutros porcos.
- Cando aparezan signos de pelexa violenta, investigaranse inmediatamente as causas e adoptaranse as medidas adecuadas, como, por exemplo, ofrecer palla abundante ós animais, se fose posible, ou outros materiais para investigación. Os animais en perigo ou os agresores específicos manteranse separados do grupo.
- O uso de tranquilizantes para facilita-la mestura limitarase a condicións excepcionais e unicamente con previa consulta cun veterinario.

8.6. MUTILACIÓN

Non se realizarán procedementos que provoquen lesións ou a perda dunha parte sensible do corpo ou a alteración da estrutura ósea coas excepcións seguintes:

- Que se realicen por motivos terapéuticos ou de diagnóstico, ou destinados á identificación dos porcos de conformidade coa normativa.
- Unha redución uniforme das puntas dos dentes dos leitóns mediante o pulido ou sección parcial, antes de que superen os sete días de vida, deixando una superficie lisa intacta; en caso necesario pode reducirse a lonxitude dos caíños dos verróns para evitar lesións a outros animais ou por razóns de seguridade.
- A rabenadura parcial.
- A castración dos porcos macho por medios que non sexan o desgarre de tecidos.
- O anelado do fociño unicamente cando os animais se manteñan en sistemas de cría ó aire libre e de acordo coa normativa nacional.

A rabenadura e a redución das puntas dos dentes non deberán executarse por rutina senón unicamente cando existan probas de que se produciron lesións dos tetos das porcas ou nas orellas ou rabos doutros porcos. Antes da súa execución, adoptaranse medidas para previr a caudofaxia e outros vicios tendo en conta as condicións ambientais e a carga gandeira.

Soamente un veterinario ou unha persoa formada con experiencia na execución das técnicas aplicadas poderá realizar, cos medios adecuados e en condicións hixiénicas, calquera dos procedementos descritos anteriormente.

En caso de que a castración ou a rabenadura se realicen a partir do sétimo día de vida levaranse a cabo unicamente mediante unha anestesia e unha analxesia prolongada practicada por un veterinario.

Dado o sistema de cría ó aire libre en moitas explotacións resulta imprescindible facer a castración das femias destinadas para cebo e sacrificio. A castración cirúrxica será realizada por un veterinario, con anestesia e analxesia prolongada. Tamén se poderá realizar mediante castración química.

8.7. MANEXO DOS ANIMAIS

O persoal que manipula os animais estará convenientemente formado e capacitado para iso e realizará o seu labor sen recorrer á violencia ou a métodos que poidan causar aos animais temor, lesións ou sufrimentos innecesarios.

As mangas de manexo e as instalacións de carga e descarga concibiranse, construíranse, manteranse e utilizaranse de xeito que se eviten lesións e sufrimento aos animais e se garanta a súa seguridade. Terán un pavimento que non sexa escorregadizo, e, en caso necesario, contarán con protección lateral. As pontes, ramplas e corredores dispoñerán de paredes, varandas ou outros medios de protección que eviten a caída dos animais fóra deles. A inclinación das ramplas de saída ou de acceso será a mínima posible.

Desprazarase aos animais con coidado e sen golpealos. Os instrumentos destinados a guiar os animais só poderán empregarse con este fin e unicamente durante breves momentos. Deberá evitarse, na medida posible, a utilización de aparatos que administren descargas eléctricas. En calquera caso, tales aparatos unicamente se aplicarán aos porcos adultos que rexeiten moverse e só cando teñan espazo diante para avanzar. As descargas non deberán durar máis dun segundo, deberán espazarse convenientemente e aplicaranse unicamente aos músculos dos cuartos traseiros. As descargas non deberán aplicarse de forma repetida se o animal non reacciona.

9. LEXISLACIÓN DE REFERENCIA

- o Lei de Sanidade Animal 8/2003, do 24 de abril.
- o Real Decreto 650/1994, do 15 de abril, po lo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina. Aplicación nacional da Directiva 92/119/CEE, do 17 de decembro. (modificado polo RD 1314/2007, do 5 de outubro)
- o Real Decreto 1071/2002, do 18 de outubro, polo que se establecen as medidas mínimas de loita contra a Peste Porcina Clásica.
- o Real Decreto 546/2003, do 9 de maio po lo que se establecen disposicións específicas de loita contra a Peste Porcina Africana.
- o Real decreto 360/2009, do 23 de marzo, polo que se establecen as bases do programa coordinado de loita, control e erradicación da Enfermidade de Aujeszky.
- o Real Decreto 599/2011, de 29 do abril, polo que se establecen as bases do plan de vixilancia sanitaria do gando porcino.
- o RD 1221/2009, de 17 de xullo, polo que se establecen as normas básicas de ordenación de explotacións de gando porcino extensivo.
- o RD 306/2020, de 11 de febreiro, por el que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e se modifica a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.
- o Decreto 223/2011, del 17 de novembro, polo que se desenrolan as normas básicas de ordenación das explotacións porcinas extensivas e se crea o rexistro galego de explotacións porcinas extensivas da comunidade autónoma de Galicia.
- o Real Decreto 526/2014, do 20 de xuño, polo que se establece a lista de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se regula a súa notificación.
- o RD 205/1996, de 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies bovina, porcina, ovina y caprina.
- o Real Decreto 348/2000 do 10 de marzo (modificado polo RD 441/01 do Consello do 27 de abril). Transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 98/58/CE, relativa a la protección de los animais nas explotacións gandeiras.
- o Real Decreto 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección dos porcos.
- o Regulamento (CE) Nº 1/2005, do Consello do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas.

**10. ANEXO. DOCUMENTACIÓN E REXISTROS DAS EXPLOTACIÓNS
INCLUÍDAS NO PROGRAMA SANITARIO**



ASOCIACIÓN DE CRIADORES DA RAZA PORCINA CELTA
Pazo de Feiras e Congressos
Avenida Fábrica da Luz s/n, 27004 Lugo
Teléfono: 982 22 62 52
asoporcel@asoporcel.es
www.asoporcel.es

PROGRAMA DE MELLORA E CONTROL DO
STATUS SANITARIO DAS EXPLOTACIÓNS DE
PORCO CELTA

DATOS DA EXPLOTACIÓN

TITULAR _____
REGA _____
ENDEREZO _____
TELÉFONO _____



ASOCIACIÓN DE CRIADORES DA RAZA PORCINA CELTA
PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS
AVDA. DA FÁBRICA DA LUZ, 27004 LUGO
TELF. 982 22 62 52
asoporcel@asoporcel.es

OBRIGAS DAS EXPLOTACIÓNS DE PORCO CELTA

1. PRESENTAR A DECLARACIÓN CENSUAL ANTES DO 1 DE MARZO DE CADA ANO
2. GARDAR OS ALBARÁNS DA RECOLLIDA DE CADÁVERES NA EXPLOTACIÓN
3. TER FORMACIÓN EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL
4. CUBRIR O LIBRO DE VISITAS
5. TER Ó DÍA O LIBRO DE MOVEMENTOS
6. TER Ó DÍA O LIBRO DE TRATAMENTOS E MANTER ARQUIVADAS AS RECEITAS DE MEDICAMENTOS E PENSOS MEDICADOS
7. CUMPRIR O PROGRAMA SANITARIO BÁSICO DE ASOPORCEL:
 - PROGRAMA DE DESPARASITACIÓNS
 - PROGRAMA VACINAL FRONTE Á ENFERMIDADE DE AUJESZKY
 - MÍNIMO UN CHEQUEO ANUAL DA ENFERMIDADE DE AUJESZKY EN SANGUE
 - PROGRAMA DE DDD
8. É DE OBRIGADO CUMPRIMENTO A NORMATIVA DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA PORCO CELTA, E POLO TANTO FACER AS COMUNICACIÓNS Á OFICINA DAS CUBRICIÓNS, NACEMENTOS E ALTAS/BAIXAS DE ANIMAIS DA EXPLOTACIÓN



ASOCIACIÓN DE CRIADORES DA RAZA PORCINA CELTA
PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS
AVDA. DA FÁBRICA DA LUZ, 27004 LUGO
TELF. 982 22 62 52
asoporcel@asoporcel.es

9. É DE OBRIGADO CUMPRIMENTO O PROGRAMA DE CONSERVACIÓN DA RAZA PORCO CELTA:

- É OBRIGATORIO CRIAR TODO O CENSO DA EXPLOTACIÓN EN PUREZA
- É OBRIGATORIO QUE TODOS OS ANIMAIS SAÍAN DA EXPLOTACIÓN TRAS SER IDENTIFICADOS CON DOBLE CROTAL AURICULAR E DESPOIS DE COMUNICADO O NACEMENTO Á OFICINA

10. OS ANIMAIS CON DESTINO A MATADEIRO DEBEN LEVAR:

- CROTAL CO NÚMERO DE REGA DA EXPLOTACIÓN
- GUÍA DE ORIXE
- DECLARACIÓN XURADA COA INFORMACIÓN DA CADEA ALIMENTARIA
- NO CASO DE EXPLOTACIÓNS ADHERIDAS Ó LOGOTIPO 100% RAZA AUTÓCTONA CELTA TEÑEN QUE IR ACOMPAÑADOS DO CONDUCE QUE OS ACREDITA COMO TALES

11. MEDIDAS MÍNIMAS DE BIOSEGURANZA:

- DISPOR DUN PECHE PERIMÉTRICO ADECUADO E EN PERFECTO ESTADO
- DISPOR DUN SISTEMA ADECUADO PARA A DESINFECCIÓN DO CALZADO DE OPERARIOS E VISITANTES
- NON PERMITIR A ENTRADA DE VEHÍCULOS ALLEOS Ó INTERIOR DA EXPLOTACIÓN
- FACER UNHA CORRECTA ALMACENAXE DOS PENSOS
- FACER UNHA CORRECTA XESTIÓN DE RESIDUOS E CADÁVERES

2



ASOCIACIÓN DE CRIADORES DA RAZA PORCINA CELTA
PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS
AVDA. DA FÁBRICA DA LUZ, 27004 LUGO
TELF. 982 22 62 52
asoporcel@asoporcel.es

A NORMATIVA NAS EXPLOTACIÓNS DE PORCO CELTA

- LEY 8/2003, DE 24 DE ABRIL, DE SANIDADE ANIMAL (BOE 99 DE 25/04/2003)

- RD 306/2020, DE 11 DE FEBREIRO, POLO QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS BÁSICAS DE ORDENACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS PORCINAS INTENSIVAS, E SE MODIFICA A NORMATIVA BÁSICA DE ORDENACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS DE GANDO PORCINO EXTENSIVO (BOE 38 DE 13/02/2020)

- RD 1221/2009, DE 17 DE XULLO, POLO QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS BÁSICAS DE ORDENACIÓN DE EXPLOTACIÓNS DE GANDO PORCINO EXTENSIVO (BOE 187 DE 04/08/2009)

- DECRETO 223/2011, DEL 17 DE NOVEMBRO, POLO QUE SE DESENROLAN AS NORMAS BÁSICAS DE ORDENACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS PORCINAS EXTENSIVAS E SE CREA O REXISTRO GALEGO DE EXPLOTACIÓNS PORCINAS EXTENSIVAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (DOG 134 DE 09/12/2011)

- REGULAMENTO 1/2005, DO CONSELLO DO 22 DE DECEMBRO DE 2004, RELATIVO Á PROTECCIÓN DOS ANIMAIS DURANTE O TRASPORTE E AS OPERACIÓNS CONEXAS (DOUE 3 DE 05/01/2005)

- RD 1135/2002, DE 31 DE OUTUBRO, RELATIVO ÁS NORMAS MÍNIMAS PARA A PROTECCIÓN DE PORCOS (BOE 278 DE 20/11/2002)

- RD 360/2009, DE 23 DE MARZO, POLO QUE SE ESTABLECEN LAS BASES DO PROGRAMA COORDINADO DE LOITA, CONTROL E ERRADICACIÓN DA ENFERMIDADE DE AUJESZKY (BOE 89 11/04/2009)

- RD 205/1996, DE 9 DE FEBREIRO, POLO QUE SE ESTABECE UN SISTEMA DE IDENTIFICACIÓN E REXISTRO DOS ANIMALES DAS ESPECIES BOVINA, PORCINA, OVINA Y CAPRINA (BOE 52 DE 29/02/1996)

3

REGISTRO DE TRATAMIENTOS VETERINARIOS NAS EXPLOTACIÓNS PORCINAS (DECRETO 63/2012)
MANTER ESTE REGISTRO E AS COPIAS DAS RECEITAS A DISPOSICIÓN DAS AUTORIDADES COMPETENTES DURANTE 5 ANOS

DATOS DO PROPIETARIO

NOME: _____
RAZÓN SOCIAL: _____
NIF/CIF: _____
TELÉFONO: _____
ENDEREZO: _____
PROVINCIA: _____ CP: _____

DATOS DA EXPLOTACIÓN

REGA: _____
LUGAR: _____
CONCELLO: _____
PROVINCIA: _____
RESPONSABLE DO GANDO: _____

- 1- VÁLIDO PARA CADA UNIDADE EPIDEMIOLÓXICA (REGA)
- 2- OS DATOS ANOTARANSE NO REXISTRO POR ORDE CRONOLÓXICA, TOMANDO COMO REFERENCIA A DATA INDICADA NA PRESCRIPCIÓN VETERINARIA
- 3- A CONSIGNACIÓN DOS DATOS OBRIGATORIOS QUE XA CONSTEN NA RECEITA PODERÁ SUBSTITUIRSE POLA REFERENCIA Ó NÚMERO DE RECEITA E NÚMERO DE COLEXIADO
- 4- A PERSOA TITULAR DA EXPLOTACIÓN TERÁ A OBRIGA DE MANTER ACTUALIZADO E CONSERVAR O PRESENTE REXISTRO
- 5- QUEDA PROHIBIDA A MANIPULACIÓN OU ALTERACIÓN DOS DATOS CONSIGNADOS NO REXISTRO. CANDO OS DATOS ANOTADOS SEXAN INCORRECTOS CONSERVARANSE NO REXISTRO COMO DATOS ANULADOS
- 6- ESTE REXISTRO SÓ SERÁ VÁLIDO ACOMPAÑADO DO ARQUIVO ORDENADO DAS COPIAS DAS RECEITAS VETERINARIAS CORRESPONDENTES
- 7- MANTER, XUNTO COA COPIA DAS RECEITAS, A DISPOSICIÓN DAS AUTORIDADES COMPETENTES EN MATERIA DE GANDERÍA DURANTE POLO MENOS 5 ANOS (DENDE A ÚLTIMA ANOTACIÓN).

2

REXISTRO TRATAMENTOS VETERINARIOS NAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (Decreto 63/2012) REGA:
 DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN RECEITE (1) E DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN ADMINISTRE O TRATAMENTO (2)

| | | | | | | | | | |
|---|---|-------------|------------|----------------------------|-------------------------|---|-------------------|-------------------------|---|
| 1 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: | VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: | DURACION | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | | | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | Nombre e enderezo | Provedor do medicamento | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> |
| 2 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: | VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: | DURACION | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | | | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | Nombre e enderezo | Provedor do medicamento | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> |
| 1 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: | VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: | DURACION | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | | | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | Nombre e enderezo | Provedor do medicamento | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> |
| 2 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: | VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: | DURACION | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | | | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | Nombre e enderezo | Provedor do medicamento | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> |
| 1 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: | VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: | DURACION | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | | | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | Nombre e enderezo | Provedor do medicamento | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> |
| 2 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: | VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: | DURACION | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | | | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | Nombre e enderezo | Provedor do medicamento | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> |

REXISTRO TRATAMENTOS VETERINARIOS NAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS (Decreto 63/2012) REGA:
 DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN RECEITE (1) E DATOS QUE FARÁ CONSTAR QUEN ADMINISTRE O TRATAMENTO (2)

| | | | | | | | | |
|---|---|----------------------------|--------------------------------------|---|-------------|---|---|------------|
| 1 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: DURACION: _____ días | | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | | Proveedor do medicamento Nome e enderezo | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> | |
| 2 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: DURACION: _____ días | | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | | Proveedor do medicamento Nome e enderezo | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> | |
| 1 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: DURACION: _____ días | | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | | Proveedor do medicamento Nome e enderezo | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> | |
| 2 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: DURACION: _____ días | | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | | Proveedor do medicamento Nome e enderezo | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> | |
| 1 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: DURACION: _____ días | | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | | Proveedor do medicamento Nome e enderezo | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> | |
| 2 | DATA: DOSE: | RECEITA Nº: VIA ADMIN. | MEDICAMENTO: DURACION: _____ días | | DIAGNOSTICO | VETERINARIO: | INDICACION | Nº COLEX.: |
| | Identificación animal (individual de ser o caso) | Data inicio tratamiento | Data fin tratamiento | Cantidad medicamento utilizada efectiva. | | Proveedor do medicamento Nome e enderezo | Veterinario/a (riscar se procede do seu depósito) <input type="checkbox"/> | |

PROGRAMA LDD DA EXPLOTACIÓN DE PORCO CELTA CON REGA _____

| DATA | NOME DO PRODUTO EMPREGADO | | |
|------|---------------------------|---------------|----------------|
| | LIMPEZA/DESINFECIÓN | DESRAZIZACIÓN | DESINSECTACIÓN |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |
| | | | |